REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 23.02.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei en Comisión

1.1 957 (10/PNC-000085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a inclusión polo Goberno galego da vacina da meninxite B no calendario de vacinación autonómico ea realización das xestións necesarias para axilizar a súa presenza nas farmacias galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016

1.2 1214 (10/PNC-000113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incentivar a contratación laboral da mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016

1.3 3068 (10/PNC-000301)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias de atención primaria e hospitalaria do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

1.4 3138 (10/PNC-000307)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos centros especiais de emprego destinados á inserción laboral das persoas con discapacidade, así como o cumprimento do artigo 42 do Real decreto lei 1/2013, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017

1.5 3396 (10/PNC-000335)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

PARLAMENTO
DE GALICIA

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con determinadas condicións e funcións laborais dos traballadores da banca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

1.6 3741 (10/PNC-000352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 23.02.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 957(10/PNC-000085)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a inclusión polo Goberno galego da vacina da meninxite B no calendario de vacinación autonómico ea realización das xestións necesarias para axilizar a súa presenza nas farmacias galegas

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 957
Data envio: 09/11/2016 16:00:09.970

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A inicios de outubro de 2015 liberalizouse en España a venda de Bexsero, vacina contra a meninxite B, froito da presión cidadá pola deficiente xestión da Xunta de Galicia con respecto á problemática asociada á aparición de casos deste enfermidade.

Xa dende os primeiros momentos, a demanda cidadá e de profesionais sanitarios/as e farmacéuticos/as estivo enfocada en dúas vías: por un lado alertouse da escaseza e desabastecemento do Bexsero en farmacias, que recibían moi baixas cantidades de doses polo que se conformaban listas de espera moi longas. Por outro lado, existiu unha ampla demanda da inclusión no calendario de vacinación, entre outras razóns polo elevado custo do Bexsero (106 €) que impide a moitas familias asumir o tratamento.

O Parlamento de Galicia rexistrou iniciativas parlamentarias para debate sobre esta cuestión, que alertaban das dificultades que se estaban a producir, mentres a Xunta de Galicia pretendeu sobrepasar o problema e superalo sen ofrecer solucións reais.

Pasado un ano dende o inicio da problemática, e a pesares de que a Xunta de Galicia e a empresa farmacéutica fabricante da vacina afirmaban que o problema de distribución e cantidade de doses sería resolto, o subministro do Bexsero en farmacias segue a ser un problema e numerosas farmacias de distintos puntos de Galicia seguen a amosar problemas de desabastecemento. Algunhas delas reciben 4 ou 6 doses semanais, que apenas cobren necesidades de listas de espera de finais do ano 2015.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 957
Data envio: 09/11/2016 16:00:09.970

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

As demandas sobre a inclusión da vacina no calendario vacinal seguen a ser desoídas.

Nos últimos días foron coñecidos novos casos da enfermidade en Galicia, que xeran inquietude e preocupación nas familias que ven como o problema existente non ten sido resolto pola Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Realizar as xestións necesarias para axilizar a presenza de vacinas para a meninxite B nas farmacias galegas.
b) Incluír a vacina da meninxite B no calendario vacinal autonómico.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2016 15:53:41

Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2016 15:53:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2016 15:53:54

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 1214(10/PNC-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incentivar a contratación laboral da mocidade

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1214
Data envio: 15/11/2016 18:44:25.580

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

As políticas do Goberno de Feijoo supuxeron para a xeración mellor formada da nosa historia, a marcha de milleiros de mozos e mozas máis aló das nosas fronteiras, convertendo de novo a Galicia nun país de emigrantes. A emigración non soamente supón un drama social, senón tamén un lastre económico, pois a meirande parte dos que abandonaron Galicia nos derradeiros anos posúen unha alta cualificación académica e profesional, polo que a consecuencia desta situación é a perda de recursos humanos nos que as administracións públicas levan invertido millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico pola fuga de talentos.

O drama da emigración, motivada por non atopar emprego estable e de calidade, xunto coas elevadas taxas de desemprego xuvenil, un 37,6 % segundo os datos da EPA do terceiro trimestre de 2016, fan que a situación da mocidade galega sexa claramente preocupante.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo a curto prazo e crítico a medio e longo prazo, que conxela a evolución vital dunha xeración e pon en tela de xuízo o benestar social, económico, e demográfico do noso país.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1214
Data envio: 15/11/2016 18:44:25.580

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incentivar a contratación de cando menos 10.000 persoas por ano, cunha duración de tres anos, de xeito que se prime o carácter indefinido dos contratos.
2. Apoiar economicamente a contratación laboral deste programa durante os dous primeiros anos de contrato, e incentivar cunha prima maior durante o terceiro ano os contratos que se convertan en indefinidos.

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/11/2016 18:35:12

Julio Torrado Quintela na data 15/11/2016 18:35:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/11/2016 18:35:23

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 3068(10/PNC-000301)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias de atención primaria e hospitalaria do Sergas

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3068
Data envio: 09/01/2017 13:29:16.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para debate en **Comisión, relativa relativa á situación das urxencias no SERGAS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación de saturacións nos servizos de urxencias dos diferentes hospitais da rede pública é de sobra coñecida pola opinión pública e cada vez máis frecuente nos nosos centros.

Precisamente, ese incremento da frecuencia ten sido denunciada en múltiples ocasións polas traballadoras e traballadores, polas centrais sindicais e polos colectivos de defensa da Sanidade Pública.

O persoal presente nos servizos quédase curto a meirande parte do ano e os reforzos puntuais son escasos e non resolven o problema global. Un problema que ten a súa orixe non só na situación das propias urxencias, se non na situación dos hospitais e do total do sistema público. As amortizacións de prazas e reducións de pranteis de sanitarias e sanitarios ten significado a perda de calidade asistencial en determinados servizos, pero sobre de todo, a imposibilidade de asumira mesma carga de traballo.

Esta situación crónica fai que cando se produce un pico dalgunha enfermidade infecciosa ou un incremento significativo da asistencia por un problema determinado, a capacidade de resposta sexa moito menor,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3068
Data envio: 09/01/2017 13:29:16.220

facilitando o colapso ou saturación dos servizos, tal e coma ten acontecido nas últimas semanas.

O pico do gripe foi anunciado con previsión por parte do Ministerio, segundo os datos da OMS e , polo tanto, coñecíase a estimación das súas datas. Sen embargo, este non se acompañou cun incremento dos recursos necesarios por parte da Consellería de Sanidade, coñecedora da situación previa dos centros, xa necesitados de máis persoal.

A aplicación do Plan de Continxencia parece estar sendo insuficiente e non está mellorando o global das saturacións dos servizos.Por todos estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto en primaria coma en especializada de xeito permanente, acordando coas e cos representantes dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.

2.- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.

3- Recuperar as prazas amortizadas en atención primaria e hospitalaria negociando coas e cos representantes sindicais a súa oferta pública.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:29
Nº Rexistro: 3068
Data envio: 09/01/2017 13:29:16.220

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2017 13:27:50

Luis Villares Naveira na data 09/01/2017 13:27:58

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 3138(10/PNC-000307)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais do persoal dos centros especiais de emprego destinados á inserción laboral das persoas con discapacidade, así como o cumprimento do artigo 42 do Real decreto lei 1/2013, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 10:02
Nº Rexistro: 3138
Data envio: 11/01/2017 10:02:49.679

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do establecido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Centros Especiais de Emprego (CEE) naceron coa finalidade de incorporar ao mercado laboral ás persoas con discapacidade, ao tempo que facilitarían a súa integración na empresa privada.

Pero a realidade é moi diferente. Na actualidade, os CEE convertéronse nun instrumento empresarial precarizador que, lonxe de cumprir unha labor social, dedícanse a intereses puramente económicos.

Independentemente do grao de discapacidade, cada CEE recibe da Administración o 100% da cota empresarial da Seguridade Social de cada persoa contratada, o 50% do Salario Mínimo Interprofesional por xornada completa, ou a súa parte proporcional no caso da xornada parcial, e 12.000 euros pola conversión dun contrato temporal en indefinido.

Este apoio da Administración non se corresponde coas precarias condicións laborais e salariais das persoas que traballan nos CEE nin coa practicamente nula inserción na empresa privada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 10:02
Nº Rexistro: 3138
Data envio: 11/01/2017 10:02:49.679

A modo de exemplo, cumpre destacar que o salario bruto dunha Operaria/o é tan igual ao SMI 2016, é dicir, 655,20 euros/mes.

En canto á inserción laboral na empresa privada, a evolución dos contratos específicos realizados a persoas con discapacidade, segundo o tipo de empresa, entre os anos 2006 e 2015, demostran que lonxe de crearse emprego, estase a reducir. Así, na citada década, a empresa privada pasou de ter 29.033 persoas contratadas con algunha discapacidade en 2006 a un total de 26.625 en 2015. Mentres, nos CEE a evolución do emprego pasou das 26.290 persoas contratas en 2006 ás 68.613 de 2015.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar dos CEE de Galiza que, en resposta ás axudas públicas recibidas para a inserción das persoas con discapacidade, proceda de inmediato a eliminar a discriminatoria diferenza salarial existente entre o Convenio Colectivo galego de centros especiais de emprego e os convenios vixentes a nivel sectorial.

2. Solicitar da Inspección de Traballo a vixilancia e sanción administrativa ás empresa que incumpren o establecido no artigo 42 do Real Decreto Lei 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social que establece que toda empresa pública ou privada con 50 ou máis persoas asalariadas debe reservar o 2% do seu cadro de persoal para persoas con discapacidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2017 10:02
Nº Rexistro: 3138
Data envio: 11/01/2017 10:02:49.679

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Garantir o cumprimento do artigo 42 do RDL mencionado no punto anterior en todos os centros de traballo da Administración Pública.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/01/2017 09:50:30

Luis Villares Naveira na data 11/01/2017 09:50:38

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 3396(10/PNC-000335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego á Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación con determinadas condicións e funcións laborais dos traballadores da banca

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 16/01/2017 13:23:10.796

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á certificación que teñen que realizar @s traballadores e traballadoras da banca sobre a idoneidade d@s clientes para determinados produtos.

Despois dos sucesivos escándalos ocorridos no sector financeiro pola mala praxe na colocación de produtos á clientela, as autoridades europeas, nomeadamente a ESMA, a autoridade de mercados europea, está poñendo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos da mesma, estas normas deben ser adaptadas á lexislación de cada estado.

No Estado Español corresponde á CNMV, Comisión Nacional do Mercado de Valores, as actuacións nesta materia.

Malia os sucesivos escándalos vividos, e as sucesivas sentenzas que evidencian unha actuación comercial por parte da banca mais que cuestionable, a día de hoxe a CNMV non ten adaptado a lexislación deixando que a banca actúe con total impunidade.

Un dos regulamentos pendentes de adaptar, que ten ademais unha repercusión tremenda para os traballadores e traballadoras do sector financeiro, é o regulamento que define o “asesoramento” e a formación que se requirirá para quen asesora e comercializa produtos financeiros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 16/01/2017 13:23:10.796

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres a ESMA está aberta á participación sindical, no caso da CNMV non aceptou a petición da CIG de participar na elaboración dunha norma que ten unha clara afección laboral. Ademais a CNMV incluíu no seu órgano consultivo como representantes dos profesionais ao Presidente do Banco Mediolanum, Carlos Tusquets, aparentemente por presidir unha "asociación profesional independente". Hai que advertir que os bancos teñen a súa propia representación no Consello Consultivo da CNMV.

A asociación que preside Carlos Tusquets, chamada EFPA-España, European Financial Planning Association,autodenominase "independente", pero da que son socios-colaboradores da mesma a maior parte dos bancos do Estado español.

Ante a falta de regulación por parte da CNMV, a día de hoxe esta asociación, que ten unha clara relación coa banca, é quen acredita si a formación d@s traballador@s do sector é a correcta e necesaria.

Curiosamente EFPA-España non dá formación aos traballadores e traballadoras do sector financeiro, sinxelamente emite a certificación, eso sí, previo pago e previa asociación e pago de cotas á mesma por parte do persoal das entidades. A formación é facilitada por outras empresas ou incluso Universidades, ou Colexios Profesionais, sen que estes poidan certificar.

Na vez de ser Centros Públicos os que validen os coñecementos, a situación é a contraria, a certificación como asesor corresponde á EFPA.Hai que destacar que hoxe unha parte dos cadros de persoal dos bancos teñen titulacións universitarias, crer que unha asociación da que son socios os bancos pode ser mais rigorosa que as propias Universidades é cando menos inxenuo.

Á vista da actuación semella que os propios bancos montaron unha estrutura denominada EFPA-España, para eludir novamente as normativas que protexen á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 16/01/2017 13:23:10.796

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

clientela. E a CNMV, por unha parte non adapta a normativa comunitaria e por outra valida a actuación dos bancos nomeando representante dos profesionais ao Presidente da EFPA.

Cando ademais a propia regulación da ESMA parte dunha concepción errónea, non é un problema estrito de falta de formación, senón que hai un claro conflito de intereses, que a propia normativa da ESMA non ten en conta. Quen está ligado por un contrato de traballo cun banco e ten o mandato de vender produtos financeiros da entidade, non pode ser quen defina si ese produto é apto para a clientela.

A idoneidade dos produtos emitidos e comercializados non debe recaer sobre o persoal dos bancos.

A maiores a aplicación desta normativa pode dar lugar a máis despedimentos individuais ou colectivos de traballadores e traballadoras dos banco, nomeadamente aos de mais idade que carecen de formación universitaria, malia que teñen anos de experiencia profesional acreditada.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Solicitarlle á CNMV que conte coa representación legal dos traballadores e traballadoras, os sindicatos negociadores dos respectivos convenios colectivo, coma lexítimos representantes d@s mesm@s ante a transposición de normativas que terán unha afectación laboral.

Solicitarlle á CNMV que defenda na ESMA, un sistema que non cargue sobre

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 16/01/2017 13:23:10.796

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

@s traballadores e traballadoras dos bancos avaliar a idoneidade dos produtos emitidos polos entidades para @s clientes, e que eles/as mesm@s teñen o mandato de colocarlle.

Solicitarlle á CNMV que investigue a actuación da asociación EFPA-España."

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/01/2017 13:04:17

Olalla Rodil Fernández na data 16/01/2017 13:04:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/01/2017 13:04:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2017 13:23
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 16/01/2017 13:23:10.796

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/01/2017 13:04:31

Xosé Luis Bará Torres na data 16/01/2017 13:04:35

Ana Pontón Mondelo na data 16/01/2017 13:04:38

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 23.02.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 3741(10/PNC-000352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a corrección dos déficits de persoal e das deficiencias do Servizo de Urxencias do novo hospital de Vigo

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3741
Data envio: 19/01/2017 11:47:37.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo.

O proceso de construción do Novo Hospital de Vigo estivo envolto desde o seu inicio polo escándalo, a polémica e a sospeita.Cambio de modelo, modificación do proxecto, con importante redución, licitación, multiplicación do orzamento..

Coa posta en funcionamento, púxose ao descuberto con toda claridade a folla de ruta marcada, a peor faciana do Partido Popular ao servizo dos poderes económicos a costa dos petos d@s cidadáns.Foi unha actuación temeraria, sen garantías, con múltiples deficiencias, sen os equipos precisos, sen rematar as obras, sen contar c@s traballadores/as. Unha actuación temeraria que pon en risco a saúde e a vida dos doentes e a seguridade dos profesionais.

Foron múltiples as denuncias das deficiencias existentes realizadas por usuari@s, profesionais e organizacións sindicais.

Máis dun ano despois de terse posto en funcionamento seguen as deficiencias, as irregularidades e as denuncias. Profesionais do servizo seguen a denunciar as deficiencias existentes que consideran graves e que afectan ao normal desenvolvemento do traballo e á atención e seguridade d@s doentes, sen que as mesmas sexan tidas en conta pola dirección.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3741
Data envio: 19/01/2017 11:47:37.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As/os profesionais denuncian:

- A falta de persoal, que afecta a todas as categorías, e a precariedade de moitos contratos, unha altísima eventualidade(50%), moit@s con unha altísima rotación nos contratos. A negativa de dotar do persoal imprescindíbel para ofrecer un servizo de calidade.

- Non se cumpren as ratios recomendadas desde a Sociedade de Enfermería de Urxencias e Emerxencias, nin en camas de observación, nin en "boxes". En consultas, triaxe ou zona de atención xinecolóxica non hai auxiliares na quenda de noite.

- Mal funcionamento dos circuítos tanto asistenciais como de probas diagnósticas, mala distribución tanto arquitectónica como de espazos(distancias demasiado largas e circuítos pouco operativos, masificación de espazos, demoras na realización de probas diagnósticas, acumulo de doentes pendentes de resultados, demoras nos ingresos en planta e nos traslados a domicilio ou outros centros).

- Risco para a seguridade do doente e vulneración de dereitos básicos (zonas comúns saturadas, falta de aseos, ausencia de baño adaptado boxes de aillamento insuficientes).

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, atendendo as demandas d@s profesionais do servizo de urxencias do Novo Hospital de Vigo, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3741
Data envio: 19/01/2017 11:47:37.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a que proceda de inmediato a subsanar os déficits de persoal e á corrección das deficiencias existentes neste servizo, denunciadas sistematicamente polo persoal que presta os seus servizos no mesmo."

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/01/2017 11:46:00

Olalla Rodil Fernández na data 19/01/2017 11:46:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/01/2017 11:46:13

Noa Presas Bergantiños na data 19/01/2017 11:46:19

Xosé Luis Bará Torres na data 19/01/2017 11:46:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 11:47
Nº Rexistro: 3741
Data envio: 19/01/2017 11:47:37.292

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 19/01/2017 11:46:27